



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA EN DATA 29 DE NOVEMBRO DE 2012

#### ASISTENTES:

##### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)

##### CONCELLEIROS /AS

D. MANUEL PAVÓN LÓPEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN (PP)  
D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PS de G-PSOE)  
D<sup>a</sup> ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS de G-PSOE)  
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PS de G-PSOE)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PS de G-PSOE)  
D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

##### INTERVENTOR

D. LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA

##### SECRETARIO

D. VICENTE PASTOR MARTÍNEZ

\*\*\*\*\*

No salón de plenos do concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil doce, reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno deste concello, baixo a presidencia do señor alcalde titular don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados/as ao marxe, actúa de interventor o habilitado estatal Luis Ramón Vázquez Parga, e actúa de secretario o habilitado estatal Vicente Pastor Martínez que da fe do acto.-

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (inicialmente doce dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación, xa que logo incorporouse JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO ás 21:05 horas ao tempo de tratar o punto 5 da orde do día) o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 25 DE OUTUBRO DE 2012.**-Por unanimidade dos doce señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación á acta da sesión anterior ordinaria de data 25 de outubro de 2012, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.

**2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.**- Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación ás resolucións e decretos da alcaldía desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os doce señores/as concelleiros/as asistentes.

**3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ACADADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO.-**

Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación ás actas das sesións extraordinaria de data 03/10/2012 e ordinaria de data 15/11/2012, celebradas pola Xunta de Goberno Local desde a última sesión ordinaria de Pleno, quedando informados do seu contido os doce señores/as concelleiros/as asistentes.

**4.- ENCOMENDA DE XESTIÓN DA RECADACIÓN DO IMPOSTO DE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA NO REXISTRADOR TITULAR DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MONDOÑEDO.-**

Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Contas, Economía e Facenda, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Dada conta da proposta que se reflicte no epígrafe, defendida polo alcalde titular, cuxo texto é como sigue:*

*Vista a proposta realizada a este Concello de Foz por parte da Rexistradora titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo de realización determinadas actuacións conducentes á xestión, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana no ámbito territorial do municipio.*

*Visto o informe elaborado polo servizo de recadación municipal de data 10 de setembro de 2010, que pon de manifesto as dificultades na xestión por parte do Concello de Foz do devandito imposto, ao non posuír os medios necesarios en moitos casos para detectar os feitos impositivos realizados, o que orixina que non se teña unha recadación axeitada ao volume de transaccións que se supón teñen lugar no ámbito territorial do mesmo.*

*Vistos os informes de Secretaría e Intervención Municipal de data 11 de setembro de 2012.*

*Considerando que a proposta realizada permitirá unha mellora substancial na recadación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, malia o premio de cobranza que inclúe, posto que polas funcións atribuídas aos Rexistros da Propiedade, estes posúen os medios técnicos e información idónea para ter coñecemento da maior parte dos actos susceptibles de constituír o feito impositivo do citado tributo.*

*Considerando, que en virtude do establecido no artigo 133.2. da C.E. de 1978, nos artigos 4.1.b) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 2. e 12 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a potestade tributaria, comprensiva das funcións de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais está atribuída as Entidades Locais quedando o seu exercicio sometido ao preceptuado na Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro).*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Considerando que as referidas funcións son susceptibles de encomenda de xestión en virtude do establecido nos artigos 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e 8 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e debe materializarse en convenio de colaboración ao abeiro do establecido no citado artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Considerando que, de conformidade co establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da corporación é o órgano competente para o outorgamento da encomenda de xestión, en cumprimento do establecido no artigo 123.1. do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e en virtude das competencias establecidas no artigo 21.1.f) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, somete a consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA:*

**PRIMEIRO:** *Encomendar a xestión no Rexistrador titular en cada momento do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo das funcións de xestión, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reguladas no vixente Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e demais normativa de aplicación*

**SEGUNDO:** *Aprobar as seguintes condicións que rexerán a encomenda de xestión e que se incluírán no convenio de colaboración a subscribir:*

*“PRIMEIRO. Ámbito de aplicación.*

*As actuacións derivadas do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Foz e o Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade Mondoñedo referiranse ao ámbito do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana cuxos feitos impositivos devengados sexan competencia do citado Concello.*

*SEGUNDO. Actuacións a realizar.*

*As actuacións a realizar polo Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo na xestión do imposto referiranse ás declaracións ou autoliquidacións que se presenten e aos feitos impositivos devengados a partir da entrada en vigor do presente Convenio. Así mesmo, e a requirimento do Concello, poderá tamén referirse aos que se atopen pendentes de xestión ao tempo da súa sinatura que non se atopen prescritos.*

*I. O Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo asume a tarefa de realizar as seguintes funcións:*

*Recepción e comprobación das declaracións ou autoliquidacións ademais dos documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.*

*Comprobación de oficio do imposto en todos aqueles supostos de suxeición en que os suxeitos pasivos non presenten voluntariamente as declaracións ou autoliquidación e que porén, puxéranse de manifesto ante o Rexistro da Propiedade de Mondoñedo.*

*Recadación dos ingresos por autoliquidación realizadas polo contribuínte, así como dos ingresos derivados das liquidacións, como consecuencia tanto da revisión da autoliquidación como da comprobación de oficio do imposto.*

*Realización dos ingresos diarios das cantidades recadadas ás que fai referencia o punto anterior na conta corrente restrinxida que estableza o Concello de Foz así como das transferencias trimestrais do saldo de dita conta ás arcas do Concello, á conta que se determine a estes efectos polo Concello de Foz.*

*Realización de todas as actuacións de xestión tributaria necesarias para determinar a débeda (Solicitudes de documentación adicional, propostas de liquidación e tramites de audiencia, resolución de alegacións, liquidacións provisionais, solicitude de suspensión, adiamento ou fraccionamento, resolución de recursos de reposición, devolución de ingresos indebidos, propostas de anulación de liquidación etc.)*

*Notificación de todas as actuacións tributarias detalladas no punto anterior.*

*Determinación da suxeición e non prescrición, así como a aplicación das bonificacións, reducións ou exencións que procedan segundo as normas reguladoras do imposto.*

*Comunicación para envío á vía executiva daquelas liquidacións que non fosen ingresadas nos períodos voluntarios de pago establecidos no artigo 62 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

*Recepción e envío da documentación de índole tributaria derivada da xestión do imposto aos órganos competentes con facultades de revisión.*

*II. Encoméndase ao Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo a xestión material de todas as actuacións de xestión que se sinalaron anteriormente. A competencia xurídica para a asunción de tales actuacións permanece en poder do Concello de Foz, que deberá de ditar os actos administrativos precisos para este efecto.*

*III. Elaborarase un libro diario de presentación de autoliquidacións así como un libro de liquidacións complementarias no que se recollan tanto as que xurdan como consecuencia da revisión das autoliquidacións presentadas, como as derivadas da comprobación de oficio do imposto e das propostas de liquidación realizadas. Facilitarase ao Ilmo Sr Alcalde e ao Tesoureiro Municipal coñecemento do contido destes libros mediante a remisión trimestral de copia certificada dos mesmos.*

*IV. Trimestralmente realizarase un informe explicativo das actuacións de xestión, liquidación e recadación que levase a cabo o Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo durante cada trimestre. O devandito informe será remitido dentro dos vinte días seguintes á finalización de cada trimestre por correo ordinario ou rexistro electrónico habilitado ao efecto e á conta de correo electrónico que designe a estes efectos o Concello de Foz.*

*V. O Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo organizará de forma autónoma os medios materiais e persoais suficientes para garantir unha eficaz xestión na prestación do servizo, que poderá desenvolverse de forma integrada, separada ou anexa á oficina rexistral.*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

VI. *En todo caso o presente convenio executarase con plena observancia e estrita suxeición ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, adoptando o Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo de cantas medidas de índole técnica e organizativas sexan necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.*

VII. *O presente convenio e mentres estea vixente, vinculará tamén aos sucesivos titulares que se fagan cargo do Rexistro sempre que se obteña o correspondente visado colexial, a cuxo efecto será remitido ao Servizo de Coordinación de Oficinas Liquidadoras.*

### *TERCEIRO. Réxime Retributivo*

1.- *O peche da recadación trimestral producirase os días 31 do mes de marzo, 30 de xuño e setembro, e 31 de decembro de cada exercicio, correlativamente a finalización dos trimestres, primeiro, segundo, terceiro e cuarto do exercicio fiscal.*

2.- *Nos cinco días seguintes ao peche transferirase á conta que o Concello de Foz determine o saldo total da conta restrinxida de recadación. O devandito saldo corresponderase co importe da recadación trimestral efectiva ata o día do peche, descontando a cantidade correspondente ao premio de liquidación polos servizos prestados en dito trimestre.*

*As labores de xestión e recadación do Imposto municipal obxecto do presente Convenio, realizaranse a través dunha conta bancaria aperturada ao nome do Concello de Foz na entidade ..... con nº.....correspondendo ao Concello tódolos xuros que dita conta puidese devengar. O saldo correspondente a recadación trimestral efectiva, descontado o previsto, transferirase polo Rexistrador da Propiedade dende a conta transcrita na que figura como suxeito autorizado, a conta que o Concello de Foz designe, que a estes efectos será a conta aperturada na entidade ....con número....*

3.- *O Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo emitirá unha factura trimestral en concepto de retribución polas funcións realizadas en virtude do presente Convenio de Colaboración, nos tres días seguintes ao peche de cada período.*

4. *As cantidades a percibir polo Rexistrador titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo en concepto de retribución fixaranse nun 10 % sobre a recadación obtida en cada un dos períodos. Ao devandito importe engadirase o IVE que no seu caso, haxa de repercutirse polos servizos prestados, que será satisfeito polo Concello respectivo.*

5. *Será a cargo do Concello de Foz o custo das notificacións de todas as actuacións tributarias detalladas no punto Segundo I., así como da publicación, no seu caso, do correspondente edicto. Conforme o sinalado anteriormente, o devandito custo, como gasto suplido descontarase da transferencia que trimestralmente se efectuará ao Concello.*

### *CUARTO. Entrada en vigor.*

*O convenio de colaboración será efectivo a partir do día da súa sinatura e que se produza a oportuna publicación no BOP e estará vixente polo prazo de dous anos. Ao termo do devandito período, poderase prorrogar expresamente por sucesivos prazos anuais, salvo denuncia expresa por calquera das partes con tres meses de antelación á*

*data de vencemento, salvo denuncia expresa por calquera das partes con tres meses de antelación á data de vencemento”.*

**TERCEIRO:** *Facultar ao Sr. Alcalde –Presidente para a sinatura do Convenio e todos os documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.*

**CUARTO:** *Dar traslado á Rexistradora titular do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo para súa aceptación e toma de coñecemento.*

**QUINTO:** *En virtude do disposto nos artigos 15 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o acordo adoptado unha vez aceptado será publicado no Boletín Oficial da Provincia.*

*Foz, 12 de setembro de 2012.*

*O Alcalde,*

*Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*Do señor alcalde D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) defendendo a proposta a cal, trala información manifestada pola propia rexistradora na celebración de Xunta de Voceiros, pareceu obter o beneplácito dos asistentes.-*

*Polo concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) pídese que pola rexistradora se conteste ás preguntas formuladas en dita reunión e que foron ¿prazos para completar o traballo de recadación do atrasado? ¿Se o rexistro vai proceder a facer a recadación en vía de constrinximento? Cuestións que aínda non foron contestadas pola Rexistradora.-*

*Os Voceiros D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) e D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) afirmanse na mesma postura amosada no parágrafo anterior, esperando recibir a contestación da rexistradora antes de que sexa acadada resolución polo Pleno da Corporación.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*votos favorables tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*votos en contra, ningún.-*

*abstencións cinco, dúas dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dúas dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e unha do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DO CONVENIO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN NOS PROPIOS TERMOS DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DATA 12 DE SETEMBRO DE 2012”.-***

*Así mesmo, dáse conta da resposta da rexistradora da propiedade de Mondoñedo ás cuestións plantexadas polos membros da Xunta de Voceiros e que se incorpora ao expediente, sendo achegada a este concello mediante telefax o día 26 de novembro de 2012.-*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Formula e defende a proposta o señor alcalde falando do convenio, así como da contestación ás preguntas dos concelleiros formuladas na última Xunta de Voceiros segundo escrito achegado pola rexistradora e información complementaria desta.

Remata o señor alcalde propoñendo probar a xestión polo menos polo prazo dun ano e de resultar positiva, ampliála.-

Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, intervéñ preguntando ¿Será dun 50% do recargo en vía executiva?

Contesta o señor alcalde –presidente que efectivamente se trata dun premio na vía executiva normal retribución nesta prestación de servizos concretos. Para iso informa aos asistentes respecto desa consulta o interventor municipal clarificando as dúbidas da concelleira

Prosigue a Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, e manifesta non estar de acordo xa que hai seis persoas no servizo de recadación e estamos a favor do mantemento dos servizos públicos e non, pero tampouco nos vamos a opoñer a que se faga unha proba durante un ano e despois xa consideraremos se procede prorrogalo.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifestando ter dúbida respecto de se este convenio permitirá recadar unha cantidade co que, senón fose así non permitirá cobrar os atrasados. Temos que pedir algo que debera ser vinculante, é dicir, obrigar ao rexistro a que fixera o traballo o mais rápido posible e, en todo caso, nun prazo de tres meses. Parece positivo asinar por un ano este convenio e a práctica nos dirá o resultado deste ano e anos atrasados. A dúbida é que temos que pedir que sexa o máis rápido posible para iso propoño que se comprometa a facelo en 3 meses vinculante. Iso é importante para eles e para o concello.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta non compartir a decisión maioritaria, non porque non haxa que dar unha oportunidade xa que hai cosas positivas. Vamos votar en contra porque as administracións están para servir e os servizos para atender e funcionar, estamos admitindo certo fracaso. Buscaría que os servizos de recadación funcionen. Están facendo un convenio para recadar eles, é dicir, en beneficio do Rexistro porque hai negocio. As notaría son as que deberían facelo cumprindo co que lles compete legalmente. Eu, digo mais, denunciaríao non só ao colexio de notarios, senón ao Defensor do Pobo de que os notarios non están a facer o seu traballo. Nos por responsabilidade imos votar en contra.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRIGUEZ**, matiza que nos vamos defender servizos públicos e esto vai xerar máis traballo para os servizos de recadación. Con este convenio estamos cumprindo unha información que se non non temos acceso a ela. Defendémola por este ano e, así tratar de buscar as vías axeitadas para non ter que pagar ese 10 %.

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta que se trata dunha contraprestación excesiva dese 10% por obter eses datos.

Vai ser abstención o noso sentido de voto por entender que pode chegar a ser algo positivo e consideráremolo de novo en sucesivos anos.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o ditame da comisión informativa a votación ordinaria, matizando o señor alcalde que na proposta non nos vamos a acoller á vía executiva, producíndose o resultado seguinte:

- Votos a favor oito, cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ.-
- Votos en contra un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-
- Abstencións tres dos concelleiros/concelleiras do grupo municipal PSdeG-PSOE.-

Consecuentemente, acadada maioría absoluta de votos favorables requirido para os efectos, pola presidencia queda proclamado o acordo de **PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CONTAS, ECONOMÍA E FACENDA DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

#### **INCORPORACIÓN DE CONCELLEIRO:**

Neste intre sendo as 21:05 horas incorpórase á sesión o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE don José Ramón Val Alonso ausente ata este momento, sendo trece o numero de concelleiros asistentes á sesión

#### **5.- MODIFICACIÓN BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL 2012.-**

Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Contas, Economía e Facenda, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Dada conta da proposta que se reflicte no epígrafe, defendida polo alcalde titular, cuxo texto é como sigue:*

*Visto o escrito remitido a este Concello (NRE 5747/2012, de 12 de novembro) por Don Francisco Cancio Villamil en nome da “Asociación Coro Os Castros de Cangas”, de recente creación o que implica que non teña recoñecida axuda algunha nos orzamentos municipais, solicitando unha subvención coa finalidade de “mercar traxes para as súas actuacións” .*

*Considerando que dentro dos obxectivos de fomento do Concello de Foz, como se manifesta nos convenios asinados coas distintas asociacións deportivas e clubs, se atopa o de promover a actividade cultural na que se pode encadrar a realizada pola citada asociación.*

*Visto o informe emitido polo interventor municipal en data 19 de novembro de 2012.*

*Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribucións concedidas pola lexislación de réxime local, propoño ao Pleno Municipal.*

**PRIMEIRO.** – *A modificación da base 49 das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2012 no relativo á **supresión da subvención nominativa** prevista para a Asociación Mar de Foz, posto que a finalidade que se recolle para a mesma é asumida directamente polo concello :*





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

|                       |                            |     |     |          |
|-----------------------|----------------------------|-----|-----|----------|
| Asociación Mar de Foz | Alfombras florais do Carme | 334 | 489 | 2.200,00 |
|-----------------------|----------------------------|-----|-----|----------|

**SEGUNDO.** - A modificación da base 49 das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2012 no relativo á **introdución dunha nova subvención nominativa** a favor “Asociación Coro Os Castros de Cangas” con destino á adquisición de traxes para as súas actuacións:

|                                      |                                       |     |     |        |
|--------------------------------------|---------------------------------------|-----|-----|--------|
| Asociación Coro Os Castros de Cangas | Adquisición de traxes para actuacións | 334 | 489 | 400,00 |
|--------------------------------------|---------------------------------------|-----|-----|--------|

**TERCEIRO.** - O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación das bases de execución foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación das bases de execución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado”.

No debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde **D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** defendendo a proposta nos termos nela expresados.-

Polo concelleiro **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)** fórmase pedimento de incorporar unha nova proposta de subvencionar ao Grupo de Teatro Batán nas contías reflectidas para dito tipo de asociacións culturais.-

O señor alcalde-presidente manifesta ao concelleiro que non foi solicitado por dito grupo e mantense nos propios termos da proposta presentada.-

Os Voceiros **D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE)** e **D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)** expresan o seu sentido de voto favorable á aprobación da proposta da alcaldía.-

Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado seguinte:

- votos favorables seis dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG

- *votos en contra, ningún.-*
- *abstencións dúas, dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL 2012 NOS PROPIOS TERMOS DA PROPOSTA DA ALCALDÍA”.-***

Seguidamente, o señor alcalde-presidente defendendo a proposta reflectida, ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

A Voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta estar a favor de axudar a todos os colectivos de asociacións que traballan desinteresadamente en beneficio da colectividade e polo tanto votamos a favor.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta votar a favor pero dixemos na comisión informativa que no reparto non acertaron. Pide modificar este acordo no senso de incluír ao Grupo de Teatro Batán de Cangas, xa que logo, solicitou a subvención no día de hoxe. Por tanto proponho que a corporación municipal acade acordo de modificar a proposta e recollera unha subvención nominativa igual que para os outros grupos de teatro para este grupo de teatro Batán de Cangas por 800,00 euros.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta estamos de acordo coa solicitude do grupo de teatro, pero se non hai solicitude é incoherente darlle algo que non solicita. Tamén respecto de outras asociacións que poidan solicitar procede atendelas.-

O señor alcalde-presidente manifesta cando o propuxo non había solicitude do grupo Batán, ademais este grupo non ten personalidade xurídica xa que está dentro da asociación O Castro e xa está incluída nos cartos que xa percibe por unha subvención xenérica de 400,0 euros. As asociacións activas xa o xustifican con actividades debemos dállelos pero se non son activas non as percibirán.

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta creo que está nun error xa que o que imos darlle a Grupo Teatro Batán que esta incardinado na Asociación Cultural Os Castro, así mesmo, explica que é a Asociación Os Castros co seu CIF correspondente igual que outros non pediron axudas. Nalgúns casos emitían facturas por actuacións sen percibir subvencións. Non estamos de acordo co reparto das subvencións., xa que non se contrastou se tiñan actividade e creo que se comete unha inxustiza por non ter xustificación de actividades e non se lle poderá dar axudas.

O señor alcalde-presidente solicita que conste en acta que o señor Xaime Cancio que aquela forma de obrar de emitir facturas estaba apercibido polos técnicos municipais e por iso se cambio xa que a forma de proceder é agora a mais correcta.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta unha aclaración cando dicimos que unha solicitude non se fai cae de caixón que non se pode outorgar, é lóxica pura. Pedíamos un regulamento que sería o mais correcto para unha actividade unha determinada subvención en igualdade de oportunidades, non como facía antes a Corporación do Sr. Cancio.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O señor alcalde-presidente tralos argumentos formula emenda á proposta recollida no ditame no senso de engadir unha adición ao reparto de subvencións, deste xeito:

|   |  |     |     |        |
|---|--|-----|-----|--------|
| <i>Asociación Cultural Os Castros de Cangas</i> | <i>Actuación grupo de teatro Batán</i> | 334 | 489 | 800,00 |
|---|--|-----|-----|--------|

Tralo que, unha vez aceptada a emenda proposta, o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, quedando aprobado por unanimidade dos trece señores concelleiros/as asistentes, proclamándose o seguinte **ACORDO**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, ECONOMÍA E FACENDA DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, COA EMENDA E MODIFICACIÓN DE PROPOSTA REFLECTIDA NO DECURSO DO DEBATE.-**

**6.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DA AUGA.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Contas, Economía e Facenda, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Dada conta da proposta que se reflicte no epígrafe, defendida polo alcalde titular, cuxo texto é como sigue:*

*Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de abasto de auga potable para o exercicio 2013, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.*

*O motivo da modificación da presente ordenanza fiscal radica na obriga de revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público de abasto de auga asinado coa empresa GESTAGUA SA, en función da fórmula pactada no contrato, tal como ten solicitado o concesionario nos exercicios precedentes (NRE 6998/2009, de 9 de decembro, NRE 5084/2011, de 2 de setembro, NRE 3916/2012, de 2 de agosto...).*

*Esta revisión de prezos non tivo lugar dende o exercicio 2007, non obstante tras a derradeira solicitude realizada por GESTAGUA SA en data 2 de agosto de 2012 (NRE 4106/2012, de 13 de agosto), onde se propón a actualización progresiva ata alcanzar o importe pactado no exercicio 2015, a subida que se pretende ascende a un 10% sobre as tarifas actuais.*

*En consecuencia e despois de examinar o expediente tramitado, visto o informe de 19 de novembro de 2012 do interventor municipal e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:*

*- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.*

*- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.*

- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas das Entidades Locais.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por subministro de auga potable, quedando redactados os artigos modificados co seguinte detalle:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO TALES SERVIZOS OU SUBMINISTRACIÓNS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.**

**"Artigo 3.- Contía**

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte:
2. As tarifas desta Taxa serán as seguintes:

| Uso Doméstico e Comercial                   |                 | Uso Industrial                              |                 |
|---|-----------------|---|-----------------|
|   | Tarifa          |   | Tarifa          |
| <b>Cota Fixa</b>                            | 6,60 €/bimestre | <b>Cota Fixa</b>                            | 6,60 €/bimestre |
| <b>Menos de 10 m<sup>3</sup> bimestre</b>   | 0,06 €/bimestre | <b>Menos de 10 m<sup>3</sup> bimestre</b>   | 0,11 €/bimestre |
| <b>Dende 10 a 25 m<sup>3</sup> bimestre</b> | 0,22 €/bimestre | <b>Dende 10 a 50 m<sup>3</sup> bimestre</b> | 0,33 €/bimestre |
| <b>Dende 25 a 50 m<sup>3</sup> bimestre</b> | 0,66 €/bimestre | <b>Máis de 50 m<sup>3</sup> bimestre</b>    | 0,59 €/bimestre |
| <b>Máis de 50 m<sup>3</sup> bimestre</b>    | 0,99 €/bimestre |   |                 |

Mantemento de contador e acometida:

|                      |                 |
|----------------------|-----------------|
| <b>Ata 15 mm</b>     | 0,66 €/bimestre |
| <b>De 18 a 25 mm</b> | 0,78 €/bimestre |
| <b>Máis de 25 mm</b> | 1,19 €/bimestre |

*A lectura será a sesenta días"*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**SEGUNDO.-** *Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.*

*Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincial, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.*

**TERCEIRO.-** *Tendo en conta as competencias asumidas pola Dirección Xeral do Comercio da Xunta de Galicia en materia de prezos, derivadas do Real Decreto 1634/1980, de 31 de xullo, Real Decreto 3477/1974, do 20 de decembro, e a normativa recollida no Real Decreto lei 7/1996, de 7 de xuño, que sinala que calquera modificación de prezos dos servizos de abasto de auga debe ser sometida á autorización da Comisión de prezos de Galicia mediante a remisión á dirección xeral competente en materia de comercio, notificar o presente acordo a dita Dirección Xeral do Comercio a efectos da oportuna autorización”.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*Do señor alcalde D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) defendendo a proposta engadindo á mesma que é deter a hemorraxia e salvar o desfase de financiamento entre a facturación da concesionaria pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga e as liquidación pola aplicación de taxas aos usuarios.-*

*Polo concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) pídesse esperar ata acadar acordo no senso expresado nesta sesión da comisión informativa no referente ao apartado de interpretación do contrato da concesión e a súa revisión.-*

*O Voceiro D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) afirmanse na mesma postura amosada no parágrafo anterior, esperando recibir a contestación dos técnicos para resolver a interpretación do contrato da concesión e a súa revisión.-*

*Pola súa banda o Voceiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) amosa o seu sentido de voto de abstención ante a proposta presentada.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado seguinte:*

- *votos favorables tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*
- *votos en contra, ningún.-*
- *abstencións cinco, dúas dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dúas dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e unha do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO***

**ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DA AUGA NOS PROPIOS TERMOS DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DATA 12 DE SETEMBRO DE 2012”.-**

Expón o señor alcalde que a intención é a de adaptar as taxas para enxugar o déficit, actual que representan uns sete mil euros ao bimestre. É por iso que debemos corrixir o déficit que nos reclama a empresa GESTAGUA concesionaria do servizo municipal. A pretensión é facelo de forma progresiva, en tres anos para que non resulte gravoso para os usuarios. Hai que aumentar as taxas para parar esa sangría do incremento de déficit.-

Seguidamente, o señor alcalde-presidente defendendo a proposta reflectida, ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta que a modificación vai ligada á subida da taxa e ao recoñecemento de débeda a GESTAGUA que debería tratarse no mesmo Pleno e, consecuentemente, esperamos aos informes que se produzan con esa reunión dos técnicos da empresa concesionaria para que nos aclaren a fórmula, e tamén dicir e quede claro que as taxas non se subiron en anos anteriores sendo a causa do PP que non votou favorablemente ao incremento que se propuxo no seu día.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifestar estar de acordo coa exposición da voceira do PSOE, pero estamos no momento de negociar coa empresa GESTAGUA. O recibo asusta cada vez máis, pagamos canons, cota fixa, cota variable, só nos falta que o Goberno Central saque unha nova taxa ou canon. Temos que negociar coa empresa para axustar os parámetros da fórmula de revisión e despois da xuntanza veremos como se aplica a taxa.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que a xente está escandalizada cos recibos polo seu aumento. É certo que temos un contrato cunha empresa pero esa actualización debe vir pola fórmula do contrato e esas funcións débense concretar esperamos a esa concreción. Non subir un 10 por cento senón o que corresponda, un 8 ou 9, e con esa actitude damos unha imaxe correcta que non cobramos de mais. Esixir o cumprimento do contrato e que pase a conta de explotación semestral á que está obrigada a empresa. Concertos e fórmulas e esixir á empresa os requisitos axeitados para ganar nós non para ganar a empresa.-

O señor alcalde **D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** manifesta que non ten nada que ver a débeda coa suba das taxas para non aumentar o déficit. Todo o que actuemos agora é mellor para as arcas do concello. O PP no seu momento negouse a aprobar as actualizacións das taxas porque non se contou para nada co PP para negociar con esa aplicación. O que debemos é parar a sangría canto antes. Por tomar un acordo no próximo Pleno que diremos si pero resultado será a perda doutros 7.000,00 € polos dous meses de acadar acordo con atraso. Boa labor da Comisión Informativa no seu momento.

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, solicita intervir por alusións e manifesta que nos parece suficientemente serio como para votar a favor e subilo o problema e non podemos tomar o acordo porque non sabemos cal é o déficit real porque non sabemos os índices a aplicar na formula polinómica a cal repercutirá no que vostede non pensou e que nosoutros estamos a evitar que é que repercute na economía domestica dos cidadáns que son os que van ter que pagalo en definitiva. A súa irresponsabilidade naquel momento nos leva a ter que repercutir no aumento da taxa agora para enxugar o déficit producido.-



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, vostede non vai ter que dicir nunca o que vai votar UNIFOZ, eu si que pido celeridade para que se recade o mais rapidamente posible, vostede debe recoñecer algún erro pola súa parte e nos non vamos votar a favor da súa proposta senón a favor da proposta que fixo a voceira do partido socialista xa que é difícil atopar unha solución que resulte factible para todas as partes incluídas as familias. Outro argumento é porqué o PP unhas veces votaba a favor e outras en contra. Solicitamos unha reunión coa empresa GESTAGUA coa finalidade e buscar a mellor solución posible, pensando que se deba á repercusión de melloras feitas nas redes de sumidoiros polas separativas de pluviais polo Concello en beneficio da empresa. As familias son as que sofren o rigor das taxas asfixiando a economía familiar. Por esas razóns débese concretar as fórmulas de revisión antes de aplicar un aumento de taxas.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que cando falamos de responsabilidades pasadas, pero o BNG non foi responsable deso pero creo que fora abstención do PP cando se produciu o acordo. Nos seguimos adiante pero debemos saber primeiro cal é a fórmula a aplicar xa que é o que resulta mais serio e despois xa se aplicará o aumento da taxa.-

O señor alcalde-presidente manifesta unha reflexión dirixíndose ao representante de UNIFOZ dicindo que vostede fala do PP de antes e do PP de agora é verdade, sofren un cambio importante en canto aos membros que a integraban pero o que chama á atención é Vostede que cambiou de partido e vostede foi o que estivo firmando este contrato, o que autorizou as taxas, as fórmulas polinómicas e é o único que cambia de criterio, vostede.

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta por alusións eu pertenzo a un grupo que se chama UNIFOZ, se non o sabe recordareino, e a decisión que toma é a que toma o grupo neste momento. Se Xaime Cancio estaba antes noutro grupo e tomou a decisión que tomou cando estaba noutro grupo foi a que tomou e nada mais, pero voulle dicir unha cousa importante os tempos son distintos e por iso se toman as decisións en función do tempo e se non pregúntelle ao señor Rajoy as decisións que tomou, o que dixo antes de e o que fai agora.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, quero pedir a palabra por alusións xa que vostede está chamando a un grupo municipal novo Partido Socialista, o partido socialista tenmo aquí e quede claro que é totalmente independente e autónomo do resto de membros de esta Corporación municipal.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria e, xa que logo, polos membros da oposición se solicita que quede encima da Mesa, vótase esta última alternativa solicitada, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor oito, catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-
- Votos en contra cinco, dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-
- Abstencións ningunha.-

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**DEIXAR O ASUNTO PENDENTE SOBRE A MESA AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 92 DO ROF APROBADO POLO REAL DECRETO 2568/1986, DO 28 DE NOVEMBRO.-**

**7.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5769) SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA E DO CENTRO DE DÍA DE FOZ.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) co tenor seguinte:*

***MOCIÓN SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA E DO CENTRO DE DÍA DE FOZ***

*Desde o ano 2008 os terreos para a construción dunha Residencia de Terceira Idade e dun Centro de Día están a disposición da Xunta de Galiza. Mesmo o ano pasado, o ano 2011, a Corporación Municipal en pleno e por unanimidade demandou que esta obra estivera rematada no horizonte do 2014, solicitando unha partida nos orzamentos do exercicio 2012 para que iso fora posible.*

*A Xunta de Galiza, gobernada polo PP, en toda a anterior lexislatura non fixo máis que demorar a posta en marcha da Residencia a pesar de ser unha evidencia a súa necesidade. Primeiro, tardando un ano en elaborar un “estudo de viabilidade” (de dous folios) que non se lle esixiu a ningunha outra localidade da Mariña sendo ao día de hoxe o único concello que non conta con Centro de Día nin con unha Residencia de carácter público e suficiente para cubrir as nosas necesidades. Incluso poboacións da comarca da Mariña con menos peso poboacional contan actualmente con Centro de Día e/ou Residencia. A continuación, tardouse outro ano en elaborar un Anteproxecto urbanístico que se presentou nos medios de comunicación o pasado día 20 de outubro (por certo, ao día de hoxe aínda non se lle presentou aos grupos da corporación).*

*Para o BNG as prazas para o que deseñou o anteproxecto serían insuficientes porque o Concello de Foz é o segundo en número de poboación da Mariña. O edificio proxectouse só para 40 prazas na Residencia e 40 prazas no Centro de Día cando inicialmente sempre se falou de alomenos 120 prazas, entre Residencia e Centro de Día. No Concello de Foz estaban censados máis 2.300 maiores de 64 anos no ano 2011. Esta cifra supón case o número total de habitantes de poboacións que contan xa cun Centro de Día para 30 usuarios como Vilanova de Lourenzán ou máis da metade da poboación de localidades nas que a Xunta do PP vai abrir residencias con centro de día para 78 persoas como o caso de Cervo.*

*Na mesma nova anterior afirmábase que o Centro Residencial de Día estaría operativo no ano 2015 e que sería xestionado por unha empresa privada.*

*Por todos estes motivos, o BNG presenta os seguintes acordos para a súa aprobación en Pleno:*

*Instar á Xunta de Galiza que a capacidade da Residencia de Terceira Idade de Foz sexa de 80 prazas e dotada dun Centro de Día para 50 prazas. En todo caso, que entre ambas infraestructuras as prazas non sexan inferiores a 120.*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Instar á Xunta de Galiza para que a xestión do Centro Residencial de Día previsto sexa totalmente pública.*

*Instar ao Goberno Galego da Xunta de Galiza a incluír unha partida nos Orzamentos autonómicos do 2013 para que se garanta o inicio das obras nesa anualidade e o seu remate no ano 2015, segundo as previsións do PP e do propio alcalde.*

*Trasladar este acordos aos grupos políticos do Parlamento Galego, á Xefatura Territorial de Lugo, ao Consorcio Galego de Benestar e á Xunta de Galiza.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*- votos en contra, ningún.-*

*- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5769) SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA E DO CENTRO DE DÍA DE FOZ EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS”.-***

*Seguidamente, o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:*

*O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA, defende a moción presentada e manifesta discriminación coas poboacións de Vilanova e de Cervo e inxustiza con respecto a Foz neste asunto e destes servizos públicos, discriminación e inxustiza que se da por parte da Xunta de Galicia.*

*A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE, pide trato de respecto para este grupo, o so malestar xa que se nos deu tarde e que non se nos facilitou ningunha copia, Cremos que non é suficiente o anteproxecto que se nos presenta por ser escaso en canto ás prazas que contempla.-*

*O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, manifesta está a favor da moción do BNG o único que se contradí é o Alcalde de Foz porque dixo que ía traer o proxecto de residencia e resulta que o único que trae é un anteproxecto. Cito a contesta á petición de copias dicindo que está sometido a dereitos de autor ¿Cómo pode ser isto? (o alcalde ratifica a súa contestación). Co tema da residencia vamos escribir un libro e nese libro vamos poñer as notas de prensa que o equipo de goberno vai sacar.-*

O señor alcalde-presidente manifesta que votarán en contra e ofrézolle a oportunidade de retirar a moción porque non ten sentido ningún, xa que tratan de obstaculizar o camiño andado. Trátase dun compromiso coa Consellería de Traballo de realizar este proxecto de acordo cunhas necesidades. No próximo orzamento se fará o presuposto das residencias. Apoian as xestións que está a facer o grupo de goberno sobre Residencia, Asilo, etc. Sobre xestión pública, non sei que opinan os asistentes da Residencia de Viveiro e o seu . Os prazos que puxo o partido popular foron sempre os mesmos. Teñen o anteproxecto e poden consultalo pero non se poden dar copias sen autorización por estar sometido á lei de dereitos de autor -

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta non estar de acordo coas palabras do alcalde, entendemos que poderase ampliar nun futuro. Que non se privatizen hospitais etc. que sexa un servizo público, queremos que se faga mediante o servizo público con xestión directa e falando de responsabilidades mire, co bipartito fíxose a galescola. Votar en contra desta moción me parece obstaculizar, cando menos deberían absterse.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta estar a favor e non queremos que obstaculice ningunha das xestións que se fixeron ata agora e o que queremos é que se amplíe a residencia para cubrir mais prazas das proxectadas para que responda ás necesidades de Foz. Consideramos unha burla aos veciños presentar este proxecto así e queremos que fose emendado e que nos próximos presupostos a Xunta de Galicia se contemple unha partida para facer efectivo este proxecto.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que a fórmula para que se faga no 2014 é fácil, que saquen a concurso proxecto e obra conxunto e se fará no 2014 , pide que conste en acta que *“o señor alcalde dixo que ía estar a residencia no horizonte do ano 2015, non matizou se antes o despois das eleccións”*, pero intervindo o señor alcalde dixo que *“ímolo a invitar para a inauguración señor Cancio”* continua o Voceiro do grupo UNIFOZ preguntándose ¿ se o compromiso está por escrito ou e verbal por parte do Consorcio? Gustaríanos saber iso.-

O señor alcalde-presidente contesta novamente que vamos invitalo á inauguración, ademais sobre o de inauguracións o goberno posterior veu pagala, iso xa o decidiron os cidadáns fai uns meses, os veciños xa estiveron aquí representados e o que é unha burla é o que pretenden vostedes, isto, referíndose polo anteproxecto, é polo que vai loitar o equipo de goberno e polo que se comprometeu coa Conselleira, compromisos por suposto verbais pero compromisos públicos.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor oito, un voto do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres votos dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e catro votos do grupo municipal PSdeG-PSOE.
- Votos en contra cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.
- Abstencións ningunha.-



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

**8.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5770) DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES, NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.-** Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) co tenor seguinte:*

***MOCIÓN DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO***

*Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas.*

*Malia os esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista. Este ano son xa 47 mulleres asasinadas, 3 delas en Galiza: unha xove de 28 anos en Narón, asasinada pola súa exparella que tiña unha orde de alonxamento, unha muller de 65 anos en Vilardevós, asasinada polo seu marido e a última este mesmo mes en Narón. A pesar do número elevado de mulleres asasinadas o PP segue facendo recortes e quitándolle relevancia a esta problemática ao mesmo tempo que incumprindo a Lei de Igualdade que din defender. Para o próximo ano os recortes que o PP fai nas partidas destinadas á prevención da violencia machista redúcense ata un 70%. Isto suporá menos atención e menos prevención o que previsiblemente aumentará o número de vítimas.*

*A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar ás mulleres que deciden dar o paso: a axuda coñecida como salario da liberdade, chegou en 2010 a 369 mulleres e só a 251 en 2011.*

*A incerteza sobre a continuidade da gratuidade da xustiza e a suba de taxas xudiciais a particulares, que cuestionan o dereito á tutela xudicial, pode influír na decisión de interpoñer unha denuncia. Hai que lembrar que en Galiza, dende 2009 redúcense cada ano as denuncias, tanto en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, como na porcentaxe que supón das denuncias no Estado, do 4,5% en 2009 ao 3,8% en 2011, sen que esta redución se poda achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega.*

*O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.*

*Seguen sen desenvolverse medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas. Unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.*

*Moitos concellos teñen sido pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia.*

*Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.*

*A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a:*

*Mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.*

*Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.*

*Garantir a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais.*

*A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- votos en contra, ningún.-

- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5770) DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS”.-**

Seguidamente o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada.

O señor alcalde solicita aos asistentes, xa que logo, se tratan de dúas mocións sobre o mesmo contido que presenta o grupo socialista no punto 14 da orde do día deste pleno, se entenda que o debate faise simultaneamente e votalas por separado. Os concelleiros/as asistentes amosan o seu parecer favorable a esta proposta e seguidamente ordénase o debate:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, tema suficientemente relevante e a violencia de xénero é a principal causa de morte das mulleres no mundo, explica a concelleira os datos estatísticos e fomenta a educación e que a Xunta de Galicia non recorte os presupostos neste tema e critica a imposición de taxas xudiciais polo que atinxe a divorcios, etc, por iso cremos moi importante tomar acordo neste senso.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRIGUEZ**, manifesta que vai votar a favor das mocións.

O señor alcalde-presidente don Javier Jorge Castiñeira, manifesta que se van abster por non estar de acordo coa exposición de motivos, nós votariamos a favor da declaración da FEMP co motivo do 25 de novembro, xa que é a declaración de todos os municipios e provincias que se están a manter os presupostos de partidas nestas materias e, dando conta dos datos económicos en relación a iso, segue o señor alcalde manifestando que nós atémonos a todo o que declara a FEMP, defendendo o compromiso de loita contra a violencia de xénero do cal lles paso a vostedes unha copia para o seu coñecemento.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, di que a declaración é unha declaración de intencións e poderíamola aceptar, o que nos estraña é que voten abstención xa que o acordo é clarísimo, o certo é que se reduciron as partidas tanto a nivel estatal como galego.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, intervéñe e manifesta estar de acordo coa declaración da FEMP, pero gustaríanos que se votase por separado a moción que nosoutros presentamos porque contempla uns argumentos que nos gustaría individualizar especificamente.-

## MOCIÓN BNG

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, e catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.-
- Votos en contra ningún.
- Abstencións cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

## **14** MOCIÓN PSOE

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, e catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.-
- Votos en contra ningún.
- Abstencións cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

**9.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5771) DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2012 PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) co tenor seguinte:*

### ***MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2012 PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA***

*A destrución de emprego avanzou de xeito imparable desde o inicio da actual crise económica. As políticas emprendidas agravaron aínda máis a situación de miles de persoas no noso país, ao tempo que protexen aos verdadeiros culpábeis da actual desfeita económica e social.*

*Máis de 100.000 persoas ficaron sen emprego en Galiza neste período de crise económica, superando xa as 267.000, un 20 por 100 da poboación activa. No Concello de Foz o número de desempregados e desempregadas aumentou preto dun 40%. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística o número de parados e paradas en marzo do ano 2009, antes de entrar Feijoo na Xunta, era de 519 e tres anos e medio despois, en novembro de 2012, é de 717 persoas. É dicir, case 200 parados máis que representan unha suba dun 38,5 %. Nos sectores que máis medrou o paro foron a construción e o sector servizos, principalmente a hostalería. No conxunto na Mariña, o Concello de Foz está case un punto por riba da media pois o paro aumentou nestes*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*anos sobre un 35,88 %, pasando de 3.534 desempregados e desempregadas no ano 2009 a 4.804 no terceiro trimestre deste ano.*

*As decisións políticas que se están a adoptar están a ter unha influencia decisiva no empeoramento das condicións de vida das maiorías sociais. Cada nova “reforma” supón un recorte en servizos públicos e un retroceso en conquistas sociais.*

*A democracia tamén está a ser abatida co pretexto da crise. Cada vez é máis evidente que se goberna en institucións e organismos afastados, que non están sometidos ao referendo popular. Quen decide realmente non ten que dar contas, e os gobernos que son escollidos en procesos electorais, simplemente se adican a cumprir os mandatos, sen atreverse a retrucar ningunha das imposicións dos grandes poderes financeiros que perseguen. Os Gobernos do PP en Madrid e Galiza coidan non só de que a crise non afecte a ditos poderes, senón tamén para que a paguen as maiorías sociais, asumindo restricións, pagando indiscriminadamente máis impostos para sanear os balances da banca privada.*

*O FMI, o BCE, a UE, deseñan a política económica. Rajoy e Feijoo limítanse a executar, aplicando receitas fracasadas, ineficaces, que sitúan xa a unha ampla maioría de persoas a carón do abismo, sen traballo nin rede social de cobertura.*

*Canto máis se alonxan os centros de decisión, máis inxustas son as políticas adoptadas, máis se agudiza a crise económica.*

*Saír da crise económica para moitas galegas e galegos significa poder ter un traballo. E poder xerar emprego para eses miles de persoas que aspiran a telo só poderá vir da man de reactivar os sectores produtivos básicos da nosa economía, para o que precisamos ter maior capacidade de decisión en Galiza para darlles apoio e orientalos polo camiño dun desenvolvemento sustentábel.*

*Galiza ten ferramentas para superar a crise: recursos, coñecemento e vontade de moitas persoas para saír adiante con éxito. Mais ten que ter capacidade para exercelas, ten que poder exercer a súa soberanía económica para xerar emprego e benestar para as maiorías sociais de Galiza.*

*O vindeiro 14 de novembro temos unha oportunidade de reivindicar unha saída xusta á crise. A prol das galegas e galegos e non dos mercados financeiros. A prol de que Galiza avance nun desenvolvemento económico e social parello á mellora das condicións de vida das maiorías sociais.*

*Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

### **ACORDO:**

*Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 14 de novembro polas organizacións sindicais representativas e para impulsar a economía e o traballo en Galiza.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*-votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*- votos en contra, ningún.-*

*- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121113/5771) DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2012 PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS”.-***

Seguidamente o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada dándolle un apoio á folga do pasado día 14.-

A Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta compartir a proposta do BNG, nos no seu día xa apoiamos a folga, prosigue en crítica da política de emprego da Xunta de Galicia e das normas do Estado.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, vota a favor da Moción.-

O señor alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)**, manifesta estar en contra desta moción por non estar a favor con este tipo de folgas. Cando empezou a crise non estivemos por apoiar á folga cando gobernaba o partido socialista, nin estamos agora. Primeiro negan a existencia da crise e agora cando se toman medidas para resolvela promoven a folga. Nós non nos agarramos a ningunha pancarta, nin os focenses, o noso grupo estamos en contra da folga e dese tipo de piquetes coercitivos, cremos no dereito á folga pero tamén cremos no dereito a traballar, espero que ningún dos concelleiros que aquí estamos fixera de piquete coercitivo.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta por alusións que non vai negar que fose na labor de piquete informativo. O drama desto é a xente que non ten que comer é unha loita cos empresarios coercitivos iso si que é coercitivo as presións da patronal, vou en contra das políticas de emprego dun partido que non son as miñas políticas.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o resultado seguinte:

*- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e tres do concelleiros/as do grupo municipal de UNIFOZ.-*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

- Votos en contra cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-
- Abstencións ningunha.-

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

**10.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121116/5820) SOBRE MODIFICACIÓN LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) co tenor seguinte:*

***MOCIÓN SOBRE MODIFICACIÓN LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS***

*A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pon diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e persoas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.*

*Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.*

*As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscribas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que esixe medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.*

*A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.*

*O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:*

*Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.*

*Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.*

*Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.*

*Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.*

*Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.*

*Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.*

*2. - Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:*

*Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.*

*3.- Instar á Xunta de Galiza á*

*- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.*

*- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.*

*4.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.*

*5. - Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:*

*- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

*axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.*

*- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafuzamento.*

*- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción, sen embargo propón unha modificación na parte resolutiva do apartado 5 parágrafo segundo da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*- votos en contra, ningún.-*

*- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG (R.E. Nº 20121116/5820) SOBRE MODIFICACIÓN LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS, AGÁS O CONTIDO DA PARTE RESOLUTIVA DO APARTADO 5 PARAGRAFO SEGUNDO QUE É ELIMINADO”.-***

O señor alcalde solicita aos asistentes, xa que logo, por tratarse de dúas mocións sobre o mesmo contido que presenta o grupo socialista no punto 13 da orde do día deste pleno, se entenda que o debate faise simultaneamente e votalas por separado. Os concelleiros/as asistentes amosan o seu parecer favorable a esta proposta e seguidamente ordénase o debate:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada polo seu grupo comezando polo argumentario dunha moción presentada o ano pasado no congreso dos deputados polo BNG, na que votou en contra non estando no goberno o partido popular.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, defende a moción presentada polo seu grupo coa crise e o aumento alarmante do desemprego, a nosa moción contempla tanto medidas de instar ao goberno central, como instar á Xunta

de Galicia como ao goberno municipal, medidas que acadaron, por exemplo, en Silleda ou Ares.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que votarán a favor da moción, formulando pedimento de que se corrixa o apartado 5 da parte resolutiva e insta ao Concello para que non sexa papel mollado.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta, trala intervención do Voceiro de UNIFOZ, que se é necesario retirar o punto cinco da parte dispositiva da súa moción, admite retiralo.-

O señor alcalde-presidente don Javier Jorge Castiñeira manifesta que están de acordo en practicamente case todo, só hai unhas salvedades no apartado municipal, estamos de acordo na gran responsabilidade das entidades bancarias, esperemos que acabe nunha modificación da Lei Hipotecaria, debe ser unha modificación estudada e sabemos que hoxe mesmo levouse ao Parlamento un proxecto para esa modificación. Xa se fixeron modificacións coa lei de boas prácticas que resultou insuficiente e escaso foi o seu resultado, pero xa foron unhas mediadas aos cinco meses de estar no goberno. Chamouse ao partido socialista pero non foi posible acadar acordo consensuado. Continúa o rexedor expoñendo as medidas paliativas acadadas polo goberno central e as que se están elaborando para poder corrixir este tipo de casos, entendendo que debería facerse con todos os grupos políticos unidos, para votar favorablemente deberíanse eliminar algúns apartados das mocións sobre todo no apartado municipal.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, intervén e di non ter ningún inconveniente en crear unha comisión para estudo e análise conxunto, e as medidas adoptadas foron un parche que quixeríamos foise mais alá.-

Pola súa banda o Voceiro do grupo municipal do BNG intervén manifestando non existir ningún inconveniente en retirar o punto quinto en discordia e, no seu lugar, crear unha comisión de seguimento nos casos municipais de desafiuzamento. Engadir como argumentario que banca actual, tal como está constituída, con boas prácticas iso é imposible desgraciadamente.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

#### **MOCIÓN DO BNG**

A Moción do grupo municipal BNG é aprobada por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes.

#### **13 MOCIÓN DO PSDEG-PSOE**

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ.
- Votos en contra ningún.
- Abstencións cinco, cinco votos dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.

**11.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. N° 20121119/5852) PARA SOLICITAR AO MOPU A ELABORACIÓN DE PROXECTO E CONSIGNACIÓN DE PARTIDA PRESUPOSTARIA SUFICIENTE PARA DOTAR Á PARROQUIA DE CANGAS DE BEIRRARRÚAS NA N642, ASÍ COMO SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CONTINUACIÓN DAS BEIRRARRÚAS POLA ESTRADA CANGAS-FERREIRA.-**

Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) co tenor seguinte:*

*Que no tramo da carretera N642 ao seu paso pola parroquia de Cangas, vemos como cada día resulta máis perigoso para os veciños o desprazamento por esta vía, por non dispoñer de beirarrúas.*

*Que na estrada de Cangas a Ferreira, procederanse a construción de beirarrúas non tramo de cincocentos metros, algo que consideramos insuficiente para garantir a seguridade vial para os veciños, sendo necesario a construción de beirarrúas ata o límite coa parroquia de Cordido, polo menos por un dos laterais da mencionada estrada.*

*Por todo o exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN, para solicitar acordo da Corporación, de pedir ao MOPU a elaboración de proxecto e a consignación de partida presupostaria suficiente para poder dotar a parroquia de Cangas de beirarrúas na N642, así como solicitar a Xunta de Galicia, a continuación das beirarrúas pola estrada Cangas –Ferreira.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro don D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria, motivándoo en que está recabando información suficiente dos organismos competentes.-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*- votos en contra, ningún.-*

*- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ (R.E. Nº 20121119/5852) PARA SOLICITAR AO Mº FOMENTO A ELABORACIÓN DE PROXECTO E CONSIGNACION DE PARTIDA PRESUPOSTARIA SUFICIENTE PARA PODER DOTAR Á PARROQUIA DE CANGAS DE BEIRARRÚAS NA N642, ASÍ COMO SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CONTINUACIÓN DAS BEIRARRÚAS POLA ESTRADA CANGAS-FERREIRA EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS”.-***

Seguidamente o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, defende a moción presentada, xa que nos parece necesario para evitar dalgún modo os accidentes que se están a producir naquel lugar.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta que no seu grupo votarán a favor da moción dado o seu contido.-

O señor alcalde-presidente **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)**, manifesta que hai acordo e que se lle deu traslado da situación dese tramo de estrada. Estamos de acordo no fondo pero non lle votaremos a favor polas formas nas que a presenta.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, di que como non se fixo antes hai que facelo agora, xa que debe ser o único cruce que está así no Estado.-

O señor alcalde-presidente, **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)**, contesta que está traballando nese tema e insistiremos para que se logre, pero non se entende en que se quere apuntar o señor Cancio, xa que en dezaseis anos non fixeron nada e agora que se está a facer o proxecto propón este contido da moción, en dezaseis meses fixemos nosoutros o que vostede non fixo en dezaseis anos, debe felicitar ao grupo de goberno.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, nos vimos a defender os intereses dos veciños de Cangas, pide que conste en acta que van empezar as obras despois de Nadal segundo manifesta o señor alcalde.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o resultado seguinte:

- Votos a favor oito, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, catro dos concelleiros/as do grupo municipal PSdeG-PSOE, e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-
- Votos en contra ningún.-
- Abstencións cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

**12.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ EN RELACIÓN A SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO A CONSIGNACIÓN DE PARTIDA ORZAMENTARIA PARA DOTAR DE BEIRARRÚAS NA N642 AO SEU PASO POLA PARROQUIA DE NOIS (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 5152 DE DATA 17/10/2012).**- Este asunto non se trata



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

neste Pleno, por erro involuntario de transcripción na convocatoria da orde do día, sendo tratado xa anteriormente, concretamente na sesión do Pleno correspondente ao día 25 de outubro de 2012.-

**13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE FOZ FRONTE AOS DESAFIAUZAMENTOS.**- Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE), co tenor seguinte:*

### ***MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE FOZ FRONTE AOS DESAFIAUZAMENTOS***

*Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Foz non é alleo a este fenómeno, xa que continúan a producirse cada día máis casos de familias completas con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dos seus maiores logros, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.*

*No procedemento xudicial hipotecario a vivenda pódase e a Lei de Enxuiamento Civil establece que, no caso de non presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor da taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que se poxou a vivenda), incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.*

*Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida polas familias cando rubricaron as hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos á sobrevaloración das taxacións das vivendas e tamén, a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos que firmaron.*

*Hoxe en día, calquera non pagamento pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que adebedan, e nos contratos que firmaron agochábanse numerosas cláusulas abusivas, como as do só - teito, ou dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.*

*Por todo o exposto, dende a Agrupación Socialista de Foz, considérase que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o da vivenda. O artigo 47 da Constitución di que “Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”.*

*A perda da vivenda tamén leva consigo a perda doutros dereitos e impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar, e profesional, e condena en moitos casos á marxinação e exclusión social.*

*En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan algunhas das nosas familias, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.*

*Polo tanto, faise necesario intervir con urxencia ante esta dramática situación, que levou a horrorosos desenlaces coa perda de vidas, e que coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.*

*Ao igual que antes noutros Concellos como Silleda ou Ares, e mentres non se cambie desde os órganos competentes estatais a lexislación sobre desafiuzamentos (recentemente sinalada incluso por instancias europeas como non garantise dunha necesaria protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas abusivas das hipotecas), desde o Concello de Foz queremos aportar as medidas necesarias no ámbito municipal para evitar que se produzan mais desafiuzamentos.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Foz, somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

**PRIMEIRO.- Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación lexislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.**

**SEGUNDO.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.**

**TERCEIRO.- Instar ao Goberno Central para que adopte as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos no caso de vivendas en aluguer, coa retirada da anteproxecto de lei para a dinamización da vivenda en aluguer, que prevé desafiuzamentos en 10 días, co fin de mellorar a protección da cidadanía en momentos de tribulacións económicas.**

**CUARTO.- Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean **cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española**, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.**

**QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.**

**SEXTO.- Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal:**

**6.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.**





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**6.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e ser refira á vivenda única e habitual.**

**6.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento.**

**6.4. Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.**

**6.5. Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran.**

**6.6. Facultar ao Alcalde-Presidente para exercer as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Foz.**

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*

*- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-*

*- votos en contra, ningún.-*

*- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE FOZ FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS”.-**

Para este asunto reproducése o debate que tivo lugar nesta mesma sesión no punto oitavo da orde do día segundo as seguintes intervencións:

Xa que logo, por tratarse de dúas mocións sobre o mesmo contido que presenta o grupo socialista no punto 10 da orde do día deste pleno, se entenda que o debate faise simultaneamente e votalas por separado. Os concelleiros/as asistentes amosan o seu parecer favorable a esta proposta e seguidamente ordénase o debate:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada polo seu grupo comezando polo argumentario dunha moción presentada o ano pasado no congreso dos deputados polo BNG, na que votou en contra non estando no goberno o partido popular.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, defende a moción presentada polo seu grupo coa crise e o aumento alarmante do desemprego, a nosa moción contempla tanto medidas de instar ao goberno central, como instar á Xunta de Galicia como ao goberno municipal, medidas que acadaron, por exemplo, en Silleda ou Ares.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que votarán a favor da moción, formulando pedimento de que se corrixa o apartado 5 da parte resolutiva e insta ao Concello para que non sexa papel mollado.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, manifesta, trala intervención do Voceiro de UNIFOZ, que se é necesario retirar o punto cinco da parte dispositiva da súa moción, admite retiralo.-

O señor alcalde-presidente don Javier Jorge Castiñeira manifesta que están de acordo en practicamente case todo, só hai unhas salvedades no apartado municipal, estamos de acordo na gran responsabilidade das entidades bancarias, esperemos que acabe nunha modificación da Lei Hipotecaria, debe ser unha modificación estudada e sabemos que hoxe mesmo levouse ao Parlamento un proxecto para esa modificación. Xa se fixeron modificacións coa lei de boas prácticas que resultou insuficiente e escaso foi o seu resultado, pero xa foron unhas mediadas aos cinco meses de estar no goberno. Chamouse ao partido socialista pero non foi posible acadar acordo consensuado. Continúa o rexedor expoñendo as medidas paliativas acadadas polo goberno central e as que se están elaborando para poder corrixis este tipo de casos, entendendo que debería facerse con todos os grupos políticos unidos, para votar favorablemente deberíanse eliminar algúns apartados das mocións sobre todo no apartado municipal.-

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, intervén e di non ter ningún inconveniente en crear unha comisión para estudo e análise conxunto, e as medidas adoptadas foron un parche que quixeríamos foise mais alá.-

Pola súa banda o Voceiro do grupo municipal do BNG intervén manifestando non existir ningún inconveniente en retirar o punto quinto en discordia e, no seu lugar, crear unha comisión de seguimento nos casos municipais de desafiuzamento. Engadir como argumentario que banca actual, tal como está constituída, con boas prácticas iso é imposible desgraciadamente.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

#### **MOCIÓN DO BNG**

A Moción do grupo municipal BNG é aprobada por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes.

#### **13 MOCIÓN DO PSDEG-PSOE**



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ.

-Votos en contra ningún.

-Abstencións cinco, cinco votos dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS, AGÁS O APARTADO CINCO QUE QUEDA CORRIXIDO NO SENSO DE CREAR UNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO NOS CASOS MUNICIPAIS DE DESAFIUZAMENTO.-**

**14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO.-** Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE), co tenor seguinte:*

### ***MOCIÓN PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO***

*Á vista dos drásticos recortes nos orzamentos da Xunta de Galicia, dun 79,5 % nas accións para a igualdade, protección e promoción da muller e a supresión de estruturas como o Servizo Galego de Igualdade ou o debilitamento dos Centros de Información á Muller (CIM), o que supón, unha regresión nos avances acadados nos últimos anos na loita contra a violencia de xénero.*

*Á vista dos recortes do Goberno Central onde dende o ano 2011 o Presuposto do Goberno do Estado para a prevención integral da violencia de xénero viuse reducido nun 27%, máis de 8 millóns de euros. E a vista de que nos presupostos para o 2013 se reducen nun millón de euros os Programas de asistencia social para mulleres vítimas e menores expostos á violencia. Coñecendo que Observatorio de Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial xa fixo unha seria advertencia manifestando que ditos recortes son responsables de que moitas mulleres retiren a denuncia, posto que se encontran nunha situación de desprotección tras presentala, pódese afirmar que estes recortes en políticas de igualdade están a poñer en situación de risco ás mulleres e, con elas, as súas fillas e os seus fillos.*

*Por todo o exposto o PSdeG-PSOE de Foz e no seu nome o Portavoz do mesmo formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o seguinte acordo:*

**1.- Instar ao Concello de Foz se comprometa a non reducir presupostos, servizos nin recursos para combater a violencia de xénero.**

**2.- Instar á Xunta de Galicia a:**

*a.- Axilizar os trámites necesarios para a inmediata posta en fucionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero, una*

*obligación incluída na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

*b.- Impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que cada órgano estea regulado de forma independente para garantir a súa comprensión e facilitar o control das súas actividades. Incorporando á composición destes órganos a representación de asociacións profesionais de igualdade e persoal técnico especializado en igualdade, así como profesionais que estean traballando no ámbito do tratamento da violencia de xénero, que son quen está a desenvolver no día a día o traballo técnico relacionado coa igualdade de mulleres e homes.*

*c.- Definir a estratexia da Xunta de Galicia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da Violencia de Xénero.*

*d.- Promover acordos para a formación de profesionais dos Medios de Comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.*

*e.- Incidir en mecanismos de apoio de prevención e apoio ás vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar a denuncia.*

*f.- Mellorar a coordinación entre os órganos xudiciais e os organismos que deben procurar as medidas de asistencia e protección social reforzando o Punto de Coordinación das Ordes de Protección.*

*g.- Esforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo da transmisión interxeneracional da violencia.*

*h.- Que as axudas económicas recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten formalmente as condicións establecidas, nun prazo non superior a 15 días.*

*i.- Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación de especial vulnerabilidade*

*j.- Promover a responsabilidade social corporativa das empresas a fin de lograr unha alianza empresarial contra a violencia de xénero.*

**3.-** *Así mesmo, instar á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que non reduza os presupostos, os programas, as actuacións nin os servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender ás mulleres que a sofren.*

*No debate prodúcense as seguintes intervencións:*

*O concelleiro D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*O concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ) así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-*

*Pola súa banda o señor alcalde don D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP) manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-*

*Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-

- votos en contra, ningún.-

- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS**".-

Para este asunto reproducése o debate que tivo lugar nesta mesma sesión no punto oitavo da orde do día segundo as seguintes intervencións:

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, defende a moción presentada.

O señor alcalde solicita aos asistentes, xa que logo, se tratan de dúas mocións sobre o mesmo contido que presenta o grupo socialista no punto 14 da orde do día deste pleno, se entenda que o debate faise simultaneamente e votalas por separado. Os concelleiros/as asistentes amosan o seu parecer favorable a esta proposta e seguidamente ordenase o debate:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, tema suficientemente relevante e a violencia de xénero é a principal causa de morte das mulleres no mundo, explica a concelleira os datos estatísticos e fomenta a educación e que a Xunta de Galicia non recorte os presupostos neste tema e critica a imposición de taxas xudiciais polo que atinxe a divorcios, etc, por iso cremos moi importante tomar acordo neste senso.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRIGUEZ**, manifesta que vai votar a favor das mocións.

O señor alcalde-presidente don Javier Jorge Castiñeira, manifesta que se van abster por non estar de acordo coa exposición de motivos, nós votariamos a favor da declaración da FEMP co motivo do 25 de novembro, xa que é a declaración de todos os municipios e provincias que se están a manter os presupostos de partidas nestas materias e, dando conta dos datos económicos en relación a iso, segue o señor alcalde manifestando que nós atémonos a todo o que declara a FEMP, defendendo o compromiso de loita contra a violencia de xénero do cal lles paso a vostedes unha copia para o seu coñecemento.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, di que a declaración é unha declaración de intencións e poderíamola aceptar, o que nos estraña é que voten abstención xa que o acordo é clarísimo, o certo é que se reduciron as partidas tanto a nivel estatal como galego.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

A Voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, intervén e manifesta estar de acordo coa declaración da FEMP, pero gustaríanos que se votase

por separado a moción que nosoutros presentamos porque contempla uns argumentos que nos gustaría individualizar especificamente.-

#### **8.- MOCIÓN BNG**

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, e catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.-
- Votos en contra ningún.
- Abstencións cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

#### **MOCIÓN PSOE**

- Votos a favor oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ, e catro dos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.-
- Votos en contra ningún.
- Abstencións cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

Consecuentemente queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

#### **15.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO.**

Polo secretario da corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2012, que no seu literal indica:

*“Atendida a moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE), co tenor seguinte:*

##### ***MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO***

*O rural de Galicia está a afrontar un tempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. Durante o 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos.*

*Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.*

*Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacúen de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.

Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para o sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribúen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Foz, somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**1º** Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.

**2º** A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

**3º** Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

**4º** Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.

No debate prodúcense as seguintes intervencións:

O concelleiro **D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)** manifesta o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-

O concelleiro **D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)** así mesmo, amosa o sentido de voto do seu grupo favorable á aprobación do contido da moción.-

Pola súa banda o señor alcalde **D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** manifesta o sentido de voto do seu grupo na abstención ata a sesión plenaria .-

Debatido suficientemente o señor presidente somete a proposta contida na moción a votación ordinaria co resultado seguinte:

- votos favorables cinco, dous dos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, dous dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG.-

- votos en contra, ningún.-

- abstencións tres dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.-

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS**”.-

Seguidamente o señor alcalde-presidente ordena entrar no debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

A Voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, defende a moción presentada.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifesta que vai votar a favor.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que parece incompreensible que tendo máis do cincuenta por cento da produción leiteira do Estado, teñamos os prezos máis baixos do Estado, de Europa e do mundo, isto é o que crea emprego. Se están saltando as leis de competencia.-

O señor alcalde-presidente don Javier Jorge Castiñeira, manifesta que van votar a favor, estamos a favor da maior parte dos argumentos.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado polo señor alcalde-presidente o seguinte **ACORDO**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 22/11/2012 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**

#### **16.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.-**

Non se declarou ningún.-

#### **17- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Na quenda de **ROGOS**, fórmulanse os seguintes:

##### **GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE**

1.- Na Fonte de Rivela en Cangas, aproveitando as obras que se fixeron pediríamos que se fixeran tamén unhas melloras nos pasos de baixada e uns arranxos na explanada de formigón .

2.- Poñer funcionar o spa da piscina, recibimos múltiples queixas dos veciños, e velar polo cumprimento contrato de concesión da explotación da piscina municipal.-

3.- No debate de investidura do señor Feijoo anunciou o incremento de 6000 prazas de gardería rogámoslle que lle pida unha para Foz.-





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

### **GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ**

- 1.- Padrón da taxa saneamento e depuración entendemos que se elaborou erroneamente, xa que veciños de San Acisclo lle chegou esta taxa e se non funciona a EDAR mal vai a ser aplicada a taxa. Rogamos depurar o Padrón.
- 2.- En relación á delincuencia, aos roubos que a Xunta de Seguridade deste concello faga máis do que realmente fai, solicitamos a colaboración cidadá, e rogamos se inicie unha campaña divulgativa de prevención e colaboración cidadá.-
- 3.- Maior implicación do goberno local na limpeza do barrio de Marzán e da Fonte de Sieiro.-

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

- 1.- Rogo repoñer vallas na rúa Cervantes e na rúa Salvador de Madariaga, é dicir, no cruce de ambas as dúas rúas.-
- 2.- Madeiristas que procedan ao arranxo de pistas cando sexan utilizadas.-
- 3.- Seguridade das pinturas en vías públicas e pasos de peóns, que se proceda ao pintado da sinalización.-

Na quenda de **PREGUNTAS**, fórmulanse as seguintes:

### **GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE**

- 1.- ¿Qué xestións se fixeron para por a funcionar o bar do Local Social?.-

Contesta o señor alcalde: fixéronse xestións coa actual concesionaria que ten contrato ata febreiro deste ano que ven, e pedíuselle a achega de documentación xa que anunciou que quere deixar o local. Imos valorar cal é a situación e sacala a oferta pública.-

- 2.- En relación a unha pista en Nois, se sabe si foi feita a cargo do PEIM e saber porqué non se continuou ata Cordido.-

Contesta o señor alcalde: fíxose co PEIM, a distancia foi ata que chegaron os diñeiros alargándoa mais aproveitando ata que se puido, por certo quedou moi ben unindo a estrada da Deputación coa estrada da Xunta.-

- 3.- ¿Cal é a data concreta para o dragado da ría de Foz?.-

Contesta o señor alcalde: hai dotación para ese dragado e intención de Portos de Galicia de facelo o antes posible, baixo suxerencia de Club Náutico e Pescadores cambiouse de verán para este inverno, existen informes negativos e tívose que cambiar de lugar para depósito do dragado con barcaza, espero que en menos de 15 días se producirá a licitación e nun mes ou mes e medio a execución das obras.-

### **GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ**

1.- Respecto dunha resolución da alcaldía que fala de contrato negociado sen publicidade dos servizos con empresas foráneas dunha ferramenta informática de xestión administrativa do concello de Foz. ¿Se nos podía informar de que se trata e or qué esas empresas foráneas?

Contesta o señor alcalde: tratase dunha ferramenta informática para xestión administrativa, xa que e actualmente non temos ningunha xestión administrativa e fíxose baixo a suxerencia dos servizos xurídicos do concello e se fixo porque cremos que vai mellorar os servizos administrativos do concello, cun programa específico que nos recomenda o propio secretario e se solicitou ás empresas que realmente tratan eses tipos de programas, plataforma de xestión de expedientes.-

2.- ¿Por qué se reducen as subvencións á banda de música? Concretamente en catrocentos euros respecto do que cobrou o ano pasado.-

Contesta o señor alcalde: nos orzamentos foi a mesma subvencións que outros anos ese era o compromiso, a todos se lle deu o máximo.-

3.- Corporación somos o máximo órgano neste sentido respecto e como sabemos que mañá vai dar unha rolda de prensa sobre a instalación da EDAR nos gustaría que a Corporación coñecera sobre esta posición e non a través da prensa.

Contesta o señor alcalde: vai ser mañá tal e como está anunciado se dirá en rolda de prensa. Sabe perfectamente a opinión do grupo de goberno e cumprírase o compromiso serio cos medios para dicilo. Non nos vamos quedar parados e imos intentar solucionar o problema da EDAR.-

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

1.- Denunciouse unha tala de madeira nunha finca que lle afectaba o castro de San Martiño, ¿interesouse o grupo de goberno por iso?

Contesta o señor alcalde: por suposto notificouse inmediatamente á Consellería de Cultura e fixeron inspección os arqueólogos, a tala fíxose de forma respectuosa co castro, pediuse o replantado e os propietarios facilitan todas as actuacións. Resulta digno de ver o castro cun potencial enorme e se está a protexer con expertos de Patrimonio.-

2.- Se pode facer algo co peche da beirarrúa do porto ata que chegue a pasarela de Suecia ou Islandia.-

Contesta o señor alcalde: empeza mañá a poñer os anclaxes ata que remate a instalación.-

3.-En relación ao porco ao espeto ¿como resolveu o expediente?.



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

Contesta o señor alcalde: os hostaleiros fan un acto para facer unha festa e non deberemos poñer impedimentos, é verdade que non deberan molestar aos demais e tratándose dun día puntual foi de forma altruísta e non se repetiu, non foi moi ortodoxo pero procuraremos non se repita.-

Concluído o anterior, ás vinte e tres horas e trinta e cinco minutos non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde - presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, certifico.-

**O alcalde,**

**O secretario,**

**JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**

**VICENTE PASTOR MARTÍNEZ**